

O CINCUENTENARIO DAS NACIÓNS UNIDAS: UNHA REFLEXIÓN POLÍTICO-ECONÓMICA

JOSÉ RAMÓN GARCÍA MENÉNDEZ

Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 31 Maio 1996

Aceptado: 10 Xullo 1996

Existe no mundo académico un peculiar ritual de aniversarios que permite —en concreto ós economistas— a práctica de introspección científica e recapitulación histórica na nosa disciplina. Aínda están presentes, por exemplo, as numerosas publicacións e debates de 1976, ano no que lembrámo-lo bicentenario da *Investigación sobre a natureza e causas da riqueza das nacións* de Adam Smith, obra cume do liberalismo económico clásico ou de 1983, no centenario do falecemento de K. Marx e do nacemento de J.A. Schumpeter e de J.M. Keynes.

Neste sentido, ó longo das actividades que se desenvolveron para celebra-lo V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela tiveron lugar dous eventos que incentivan unha reflexión en torno dos aniversarios de interese.

En primeiro termo, o congresso sobre *A Universidade e o seu futuro* (Universidade de Santiago, abril 1996) contou coa participación de Robert Skidelsky (Universidade de Warwick), centrándose a súa intervención no financiamento e perspectivas da educación superior en Gran Bretaña. Pero R. Skidelsky é, sobre todo, o principal biógrafo vivo de J.M. Keynes e unha testemuña (auto)crítica do papel científico e social dos economistas ós que considera propensos a unha vaidosa sobreestimación de capacidade, especialmente para recomendar directrices de estabilización do ciclo e o control da incerteza que afecta ó proceso económico en fases de crises.

Tras cinco décadas dende a morte de Keynes e en opinión de Skidelsky, a realidade móstranos que os grandes problemas de desemprego e de inseguridade económica non só foron dominados senón que, ademais, a economía oficial reitera propostas teoricistas que aboan o convencemento de que a Economía, como disciplina de ciencias sociais, está especialmente dotada para "anticipar algunas trivialidades e predici-lo pasado de forma incompleta".

O segundo aniversario que desearíamos comentar é o cincuentenario da ONU (Universidade de Santiago, decembro 1995). A reflexión en torno ó 50 aniversario do sistema político-económico implícito na historia do Sistema das Nacións Unidas (SNU, en adiante) implica unha lectura retrospectiva sobre a orde económica internacional de post-guerra, pois malia ser certo que a ONU non constitúe un organismo supranacional non é menos que, coas súas luces e sombras, o significado dessa institución transcendente a simple suma dos seus membros. Neste sentido, o evento conmemorativo proporcionámos unha ocasión oportuna para supera-la tradición do ritual e presenta-las directrices dunha

reflexión crítica dende a perspectiva da Política Económica, pois esa reflexión permite avaliar algúns dos procesos e contradiccóns en curso que caracterizan a orde económica internacional contemporánea.

Actualmente desenvólvense dous procesos que inflúen nas pautas de comportamento da ONU. Por unha parte, unha tendencia uniformadora, de globalización comercial e financeira a escala mundial que alenta as relacións multilaterais contemporáneas. Por outra, unha tendencia de fragmentación económica e de aparición de novos actores e bloques rexionais.

As contradiccóns que resultan da simultaneidade de ámbolos dous procesos produciu serias disfuncións na SNU debido a diversas e complicadas causas. Sen dúbida, o concepto tradicional de soberanía dos estados-nación foi modificado substancialmente na corrente da actual transnacionalización político-económica. Como demostra o denominado "efecto tequila" na crise financeira mexicana, a interdependencia da economía internacional xunto coas posibilidades de información instantánea e de ordes informáticas nos movementos financeiros así como inéditos mecanismos de xestión (fondos internacionais de investimento, mercados secundarios, axencias de clasificación de risco fora dos circuitos convencionais, etc.), constitúen feitos alleos á historia xurídica e institucional da SNU desde 1945.

A globalización económica internacional provocou, en cambio, un significativo aumento da conciencia multilateral dos membros da ONU, organismo considerado como un posible catalizador para ordena-los litixios políticos e as relacións económicas. Sen embargo, existe un indiscutible desfasamento entre expectativas e recursos humanos, financeiros e organizativos da SNU. Sorprende que, ante a envergadura dos problemas políticos e económicos por dilucidar, a ONU non dispoña dos medios financeiros necesarios para cumpli-los compromisos contraídos na actual fase da orde internacional.

A crise de credibilidade e de identidade do multilateralismo e da ONU refórzase por razóns de lastre burocrático e de descoordinación organizativa.

Existe unha patente contradicción entre unha ampla axenda de actividades a escala mundial e as restriccións orzamentarias condicionadas principalmente polas grandes potencias celosas de perder unha parte da súa hexemonía xeoestratégica e/ou político-económica; un paradoxo, polo demais, que se intensifica ante a escasa sintonía e, incluso, a belixerancia entre a Secretaría Xeral, o Comité de Asuntos Administrativos ou o ECO-SOC. Os temas que hai que tratar na densa axenda do SNU son dunha combinatoria multilateral pero, en cambio, o organismo leva a cabo unha política voluntarista por medio dunha deficiente estructura burocrática que *fragmenta* o proceso de decisións sobre un referente político-económico que é basicamente *global*.

A escaseza de recursos, os límites institucionais e a restricción burocrática do SNU produce unha tendencia ó "virreinato" tanto na toma de decisións como na capacidade executiva para facelas operativas e na asunción de responsabilidades. O deseño de compartimentos estancos do SNU é aínda máis patente no ámbito político-económico cando se consideran as singulares relacións entre a ONU, por unha parte, e o Fondo Monetario Internacional (FMI), o Banco Mundial (BM) e a Organización Mundial do Comercio

(OMC); e, por outra, cos centros transnacionais de poder económico e os grupos de países que coordinan en parte a súa posición na económica mundial.

A este respecto, o FMI e o BM non disponen dun estatuto de axencia especializada no SNU. A posición da OMC está aínda máis distante, especialmente tralo final da Ronda Uruguai do GATT. Ó considera-la OMC coma unha organización xa pactada na última negociación do GATT establecense relacións de traballo co FMI e co BM pero se illa do SNU.

Esa incomunicación é tan evidente que o triángulo FMI-BM-OMC consolidou unha coordinación inter-axencias a partir do estímulo dos principais países desenvolvidos nucleados no G-7 (cumio de Halifax, 1995) mediante liñas de traballo en torno á asesoría en materia de política económica ós países prestatarios, principalmente nos ámbitos de liberalización comercial e desregulación económica, con activa participación de analistas do FMI e do BM nas actividades da OMC e no deseño dun observatorio de "alerta" ante problemas de comercio internacional e dificultades de balanza de pagamentos dos países membros.

A eficacia das axencias político-económicas do SNU, tras cinco décadas de experiencia, está seriamente cuestionada. As dificultades para deseñar e coordina-la axenda para o desenvolvemento por parte do ECOSOC, a falta de liderato da UNCTAD ou a ONUDI, a inviabilidade de conxunta-lo Grupo 77 de PVD como interlocutor do G-7, o fracaso en converti-lo ECOSOC como o futuro Consello de Seguridade Económica da ONU e o custo económico e a dispersión de responsabilidades ante a excesiva burocratización do SNU (55.000 funcionarios excluíndo o FMI, o BM e o persoal das Operacións de Mantemento da Paz; e un orzamento ordinario de 6.500 millóns de US\$), obrigan neste cinquentenario a reformula-la natureza e a funcionalidade do sistema.

A Carta de San Francisco de 1945 supuxo unha ruptura da orde internacional ante o colapso da Sociedade de Nacións. Cincuenta anos despois, a dinámica histórica das relacións internacionais xera necesidades organizativas e técnicas que requieren unha resposta multidisciplinaria para establecer "normas de conducta" a fin de lograr obxectivos socio-políticos fundamentais e na xestión económica nun ámbito multilateral das relacións internacionais baixo o principio da reciprocidade.